

JAVUCHO PUBLICIDADE



El hecho de dedicarme a las artes gráficas fue una casualidad
Francisco Javier Fernández Besada

Datos básicos

| | |
|-------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Actividade: | Deseño e impresión de soporte publicitario |
| Sector de actividade | Fabricación de produtos diversos |
| Nº empregados | 2 |
| Inversión inicial | 42.100 € |
| Financiamento inicial: | O investimento inicial foi financiado maioritariamente cun préstamo bancario, excepto 3.000 € de aportación con fondos propios. O investimento foi bastante cuantioso posto que se fixo necesario mercar maquinaria cara. Tiven que mercar unha máquina de tampografía (para facer bolígrafos), un plóter de corte (para facer rotulación adhesiva), un polbo téxtil (para facer camisolas), unha prancha industrial, etc. Ademais, a actividade require equipamento informático e software para deseño. |
| Web: | |
| Municipio: | Salceda de Caselas, Pontevedra |
| Ano creación: | 1998 |

Descrición do proxecto

Dedícome ao deseño e impresión de soporte publicitario para todo tipo de empresas e particulares.

Os traballos que realizo pódense enmarcar nas seguintes áreas: deseño, serigrafía, imprenta, rotulación, infografía e regalo publicitario.

Algúns dos servizos máis demandados son a rotulación adhesiva e luminosa e os regalos promocionais de empresa. Tamén recibo moitos encargos de tarxetas, para o cal investín nunha imprenta rápida.



Datos empresa

Claves do éxito


- Traballo constante. Ser ademais moi positivo e non desesperarse.
- Un bo traballo comercial, que foi fundamental para loitar contra a competencia e conseguir unha boa carteira de clientes que se vai ampliando constantemente.
- Ser positivo, non desesperarse nunca e traballar moitas horas. Ter constancia e ser cobizoso. Tratar sempre de mellorar e progresar e non conformarse nunca co que se vai conseguindo.

Situación actual

Agora acabo de abrir unha tenda en Vigo cunha persoa coa que formei unha sociedade. O taller estíbese quedando pequeno e esta persoa, que tiña en principio unha copistería, propúxome montar unha tenda de publicidade personalizada, na que se fan artigos como cuncas, chaveiros, bolígrafos, etc., personalizados.

Perfil cliente

Todo tipo de empresas e particulares. Na tenda de Vigo, os clientes son particulares (interésanse por camisetas con deseños en goma, cuncas con impresión de fotografías, chisqueiros personalizados, etc.).



Idea inicial

Desde moi pequeno quería ser empresario, en realidade foi algo vocacional. O feito de dedicarme ás artes gráficas foi unha casualidade. Eu quería estudar electrónica, pero como non quedaban prazas, recomendáronme que me matriculase noutra especialidade, neste caso, en artes gráficas para facer o primeiro ciclo de formación profesional e cambiar a electrónica no segundo ciclo. Comecei con artes gráficas e descubrín que era o que me gustaba de verdade.

Principales dificultades y amenazas futuras

Nun inicio tiveron que enfrontarme ao problema de captar clientes e facerme cun mercado inicial xa que a xente non me coñecía. Por iso tiveron que facer un importante gasto en publicidade. Outro dos problemas que me afectaron bastante foron traballos que non me pagaron.

En canto a ameazas futuras, temo que entre neste mercado xente inexperta, que rebaixe demasiado os prezos para captar clientes con rapidez. Aínda que acabarían por pechar os seus negocios por falta de rendibilidade, prexudicaríanme moito.

Perfil promotores

O promotor aporta formación profesional de grao superior en Artes Gráficas, coa especialización en fotomecánica e fotocomposición. Ademais realizou varios cursos de serigrafía na Universidade Popular.

En canto á experiencia profesional, realizou prácticas nunha empresa de litografía, en montaxes e impresión e traballou nunha serigrafía.

Aos vinte e catro anos xa montara unha empresa de impresión de soporte publicitario.

Aptitudes necesarias

Cobiza, constancia, capacidade de traballo. Tratar sempre de mellorar e progresar, non conformarse co que se consegue. Mellorar constantemente para se manter no mercado e loitar contra a posíbel competencia.



Guía de Actividad

Rotulación industrial e comercial (www.guias.bicgalicia.es)

Motivacións

**Dedicarme ao que me gusta
O reto que supón**

A independencia que proporciona

Formación

¿Recibiú información específica sobre a creación de empresas?

Non.

¿Considera importante recibir formación específica sobre creación de empresas para desenvolver con éxito un proxecto empresarial?

Si, considero que polo menos, ao principio, axudaría moito.

Anecdotalio

Normalmente eu encárgome de chegar ao cliente, pero ás veces, algún cliente que se achega á miña empresa, que queda un pouco retirada, pérdese e teño que ir buscalo.

